



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## “Memoria das actividades realizadas no ano 2016”

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº de rexistro de entidades voluntarias O-44, nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública, data de constitución 29 de xaneiro do 1982**  
**Enderezo: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)**  
**tlf: 988.229.615/ 663.780.330**  
**[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) – Facebook: [asociacion.alcer.ourense](#)**

COLABORAN:





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44 nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**  
data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)  
Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## **ÍNDICE**

### **1. ALCER OURENSE: PRESENTACIÓN**

### **2. PROGRAMA DE ATENCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E FORMACIÓN:**

- **ATENCIÓN SOCIAL**
- **GRUPO DE DISCUSIÓN DE MULLERES**
- **CHARLA SOBRE ALCER PARA TRABAJO SOCIAL**
- **FORO PREMIOS DR. ALBERT JOVELL**
- **III CONGRESO DA SOCIEDADE GALEGA DE NEFROLOXÍA**

### **3. PROGRAMA DE PREVENCIÓN:**

- **DÍA MUNDIAL DO RIL  
(10 de marzo)**
- **PASEO POLA SAÚDE  
(7 a 13 de abril)**

### **4. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN:**

- **URXENCIA CERO**
- **DÍA NACIONAL DO DOADOR  
(1 de xuño)**
- **CICLO DE CINE E MEDICINA  
(14 de xuño)**
- **PROXECTO SALVAVIDAS**
- **STAND RECINTO FERIA DE EXPOURENSE**
- **MOSTRA DE ENTIDADES NO DÍA INTERNACIONAL DO VOLUNTARIADO  
(5 de decembro)**



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## 5. PROGRAMA DE CONVIVENCIA ENTRE SOCIOS E FAMILIARES:

- CEA DO MAGOSTO  
(19 de novembro)

## 6. ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN COAS FEDERACIÓNS

## 7. ASISTENCIA A ACTOS E REUNIÓNS

## 8. RECURSOS PERSOAIS E MATERIAIS

**ANEXO 1: NOTICIAS DE PRENSA**

**ANEXO 2: COLABORADORES**

**ANEXO 3: ECONOMÍA CONTAS DE PÉRDIDAS E GANANCIAS DO 2016**



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## 1. ALCER OURENSE

**Nome:** ALCER Ourense (Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de Ourense)

**CIF:** G-32.011.041

**Enderezo:**

Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA

32.005 (OURENSE)

Tlf: 988 229 615 /663 780 330

[alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com)

**Data de Constitución:** 29 de xaneiro de 1982, ONG de carácter sanitario e social, non lucrativa, declarada de utilidade pública.

**Nº Rexistro de Entidades Voluntarias:** O-44

**Nº Rexistro Provincial:** 277

**Responsable:** M<sup>a</sup> Teresa Pereira González (Presidenta da Asociación)

**Compoñentes do Órgano de Goberno:**

<b><u>Presidenta:</u></b>	M <sup>a</sup> Teresa Pereira González
<b><u>Vicepresidente:</u></b>	Carlos Caamaño del Castillo
<b><u>Secretario:</u></b>	José Luis Cambeses Represas
<b><u>Tesoureira:</u></b>	Ángela Rodríguez Sánchez
<b><u>Primeiro vocal:</u></b>	Antonio Vázquez Prada
<b><u>Segunda Vocal:</u></b>	Leopoldina Losada Rey
<b><u>Terceira Vocal:</u></b>	Pilar Suárez Aller
<b><u>Cuarta Vocal:</u></b>	Luz Rodríguez Pombo
<b><u>Quinto Vocal:</u></b>	Manuel Vázquez Fernández
<b><u>Sexta Vocal:</u></b>	M <sup>a</sup> Luz Grande Blanco

**Número de socios:** (77 numerarios e 50 colaboradores)

**TOTAL:** 127

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44**

**nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**

data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)

Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: asociacion.alcer.ourense



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

**ALCER Ourense é unha Asociación de carácter social e sen ánimo de lucro** que ten como **finalidade xeral**, contribuír á atención **moral e física e social de modo integral** de todas aquelas persoas afectadas de enfermidades renais así como a dos seus familiares, mellorando a súa calidade de vida, tentando prever as enfermidades do ril mediante o desenvolvemento de actividades de **sensibilización e concienciación**.

A Asociación está composta por **enfermos renais crónicos en tratamento de diálise, transplantados do ril** e persoas sensibilizadas con este tipo de enfermidade e a súa problemática. O número actual de socios é de 127 membros, dos cales 77 son socios numerarios (enfermos de ril) e 50 socios colaboradores.

O traballo que leva a cabo esta Asociación, a través de tódalas actividades programadas ó longo do ano, é totalmente desinteresado; tratando de:

- **Sensibilizar** o conxunto da sociedade e fomentar a doazón de órganos, a través de campañas de sensibilización e concienciación da Insuficiencia Renal Crónica Terminal (IRCT)
- **Ofrecer** atención a tódolos enfermos renais e ás súas familias (económica, social e psicolóxica) dun xeito integral.
- **Promover** un estado de opinión favorable cara o enfermo renal coa finalidade de conseguir a total integración deste colectivo en tódolos ámbitos da vida.
- **Subsanar e paliar** posibles carencias que presenta a administración ou onde esta non pode chegar.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Queridos amigos/as, esta memoria que vos entregamos, resume os proxectos e actividades que a Asociación Alcer Ourense levou a cabo no ano 2016, estas actividades son froito do empeño e a loita de moitas persoas que de xeito anónimo fixeron posible que hoxe, ALCER OURENSE sexa unha realidade .

Dende Alcer Ourense desexamos manifestar todo o noso agradecemento, a todas aquelas persoas, institucións públicas e persoas anónimas sen as cales sería imposible realizar este labor, xa que é un traballo de equipo, no que todos e todas as que formamos parte de Alcer colaboramos poñendo o noso grao de area.

Porque só froito da unión e traballo de todos/as os que fan Alcer Ourense (socios, colaboradores, amigos e profesionais a través das súas ideas, horas de traballo así como unha dedicación de xeito altruísta) fan posible que Alcer Ourense, sexa hoxe un referente non só para aquelas persoas que teñen enfermidade renal senón para a sociedade Ourenzá en xeral.

Unha vez máis a Asociación Alcer Ourense, foi capaz de cumprir os seus obxectivos, todo dende o máximo respecto e vocación de servizo.

A todos/as gracias

**M<sup>a</sup> Teresa Pereira González**  
**Presidenta de Alcer Ourense**

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44**

**nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**

data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)

Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## **2. PROGRAMA DE ATENCIÓN SOCIAL, INFORMACIÓN E FORMACIÓN**

### **ATENCIÓN SOCIAL**

Este foi realizado por unha diplomada en traballo social ó longo de todo o ano desenvolvéndose diferentes e diversas actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos mencionados anteriormente. Dirixidas non só ós enfermos renais e ós seus familiares senón tamén ó resto dos cidadáns da provincia de Ourense, para transmitir información sobre a prevención de ditas enfermidades, así como a concienciación sobre a doazón de órganos.

**A traballadora social é unha figura imprescindible para a realización de tódalas actividades previstas pola asociación e deste modo lograr alcanzar os obxectivos propostos pola asociación.**

Esta actividade levouse a cabo ao longo de todo o proxecto e sen a cal non podíamos realizar outras actividades. As funcións e actividades desenroladas pola traballadora social de Alcer foron:

#### **1º Funcións terapéuticas / asistenciais.**

Directas: intervención social co propio afectado/a.

Indirectas: Intervención co entorno, movendo os obstáculos para o normal funcionamento.

#### **2º Educativas:**

Charlas informativas en colexios, institutos, asociacións de veciños, concellos (de toda a provincia de Ourense).

Levando a cabo o Proxecto Salvavidas.

#### **3º Sensibilización e Concienciación:**

Celebración do Día Mundial do Ril (segundo xoves de marzo).

Celebración do Día do Doador (primeiro mércores de xuño).

Participación na actividade “Un Paseo pola Saúde” organizada polo concello de Ourense.

Participación nas feiras de Expourense, grazas a un convenio de colaboración firmado entre Expourense e a Asociación.

Charlas en colexios, institutos e asociacións de veciños





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

#### **4º Sociais:**

Acompañamento e atención a pacientes en hemodiálise e diálise peritoneal.

- **Avaliación** a través de informes e entrevistas precisos, as demandas e necesidades sociais e individuais dos enfermos.
- **Diagnóstico, orientación e tratamento** dos problemas sociais dos usuarios.
- **Asesoramento e tratamento social** dos pacientes ou familiares a petición propia ou ben dos equipos asistenciais.
- **Sensibilización** dos profesionais sanitarios sobre a detección de aspectos sociais do paciente así como da sociedade en xeral e da importancia da prevención da enfermidade renal.
- **Concienciación da sociedade** en xeral sobre a insuficiencia renal crónica así como da importancia de doar órganos para salvar vidas, a través de campañas de sensibilización e concienciación.
- **Coordinación con outros servizos** (públicos e privados) a fin de canalizar adecuadamente a problemática social.
- **Información**, dando a coñecer ó usuario os recursos sociais ós que pode optar así como ós que ten dereito, atendendo á súa situación específica.

O servizo de información, orientación e asesoramento cobre entre outras as seguintes demandas:

- Certificados de Minusvalía
- Vacacións e Turismo Social
- Servizo de Axuda a Domicilio
- Teleasistencia Domiciliaria
- Reintegro de gastos do SERGAS: transporte adaptado e medicamentos
- Pensións da Seguridade Social (contributivas e non contributivas)
- Axudas económicas (Xunta, Concello)
- Axudas técnicas (cadeiras de rodas, muletas...)
- Bonificacións por Minusvalía.
- IRPF Familias Numerosas, carné de familia numerosa.
- Vehículos adaptados.




Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

- **Visitas a Domicilio** Ás zonas máis afastadas do núcleo urbano, a aquelas persoas que debido á súa situación xeográfica teñan máis dificultade para acceder ós recursos e así coñecer as posibles necesidades ou carencias sociais que poden padecer e solventalas.
- **Visitas a centros de diálise** realizando unha escoita activa a estes enfermos que servirá en moitos casos para detectar posibles necesidades ou ben serán eles quen as demanden e xestionándoas dende a asociación, isto realizouse quincenalmente dous días á semana en seis turnos diferentes e en toda a provincia de Ourense.

No transcurso do ano 2016, realizáronse un total de 109 visitas ós diferentes turnos e salas de hemodiálise, así como á unidade de diálise peritoneal, nos que se atendeu un total de 220 pacientes.

Por outra banda, tamén se atenden consultas dos 450 pacientes en consulta nefrolóxica de ERCA (Enfermedad Renal Crónica Avanzada) e de persoas transplantadas.

**As consultas atendidas pola traballadora social foron 177**, e sobre temáticas como vacacións para persoas en diálise, trámites para solicitar a doazón de órganos, do corpo a ciencia, de médula ósea, prestacións de dependencia, reintegro de gastos do SERGAS, os servizos propios da entidade, incapacidade e certificado de minusvalía, servizos de axuda a domicilio, realizáronse derivacións a outros organismos, e abríronse expedientes de varios pacientes coa conseguinte elaboración de historia social e seguimento, entre outras.







Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

O perfil das persoas que foron atendidas pola traballadora social é o seguinte:


EN CANTO Á ORIXE DAS CONSULTAS:



CON RESPECTO Ó SEXO:



CON RESPECTO Á ZONA DE RESIDENCIA:



En canto á idade, podemos dicir que o rango de idade oscila dende menores de idade a persoas de idade avanzada. Non hai idade para a enfermidade renal, aínda que maioritariamente os pacientes que atendemos pasan dos 50 anos de idade, e son maioritariamente pensionistas, ben de PNC ou de pensión contributiva por invalidez.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## GRUPO DE DISCUSIÓN DE MULLERES

A condición de muller é dobremente discriminatoria cando se trata de enfermidade, xa que pasan de ser coidadoras a ter que ser coidadas.

O papel da muller ten cambiado moito ó longo dos séculos, adquirindo dereitos que non se tiñan e asumindo roles que estaban antes destinados só ós homes, pero seguimos vivindo nunha sociedade machista na que a muller é a coidadora. Cando ésta cae enferma os roles e o equilibrio familiar rómpense, debendo asumir cada parte do sistema familiar funcións ás que non estamos acostumbrados. Dende a Comisión da Muller da Federación Nacional ALCER, creáronse varios grupos en todo o Estado no que se xuntan para falar de diferentes temas que as afectan directamente.

A intención é que elas sexan as protagonistas do grupo e que vaian xurdindo temas nun grupo dinámico, no que o empoderamento é a base, e no que se sintan libres de comentar o que sinten e queren.

Na primeira sesión, do 23 de xuño, contamos coa participación de 3 mulleres, debido a que tiñamos 8 participantes interesadas, pero varias delas por motivos de saúde ou laborais non puideron asistir. Decidiuse iniciar o grupo igualmente e permitir que ó longo do ano se vaian incorporando máis mulleres.

Na segunda sesión, que tivo lugar no salón de actos do CIS Aixiña tamén, o día 19 de outubro de 2016, participaron 4 mulleres.

As participantes no grupo son todas mulleres con idades comprendidas entre os 31 e os 72 anos, sendo 5 delas de zona urbana e 3 de zona rural e pensionistas, salvo 1 delas que estudia e outra que non ten ingresos.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## **CHARLA SOBRE ALCER PARA TRABALLO SOCIAL**

Na tarde do 24 de febreiro a traballadora social de Alcer participou nunha mesa con compañeiros/as de profesión do CIS Aixiña para presentar o traballo social en asociacións de saúde ós alumnos de 1º Grado de Traballo Social da Universidade de Vigo.

Presentou os nosos programas, actividades, servizos que prestamos e as funcións dun traballador social nunha ONG e concretamente en ALCER Ourense.

Asistiron aproximadamente 50 alumnos.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

DISCAFIS-COGAMI

### **COLABORAN:**

AFFOU

AIXIÑA

ALCER

AODEM

COGAMI

DISCAFIS-COGAMI

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44**

**nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**

data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)

Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)


## FORO PREMIOS DR. ALBERT JOVELL

O pasado 16 de xuño de 2016 participamos no foro de Premios do Dr. Jovell en Barcelona. Alí coñecemos a filosofía deste médico que está baseada na empatía e na participación do paciente no seu tratamento, o modelo afectivo-efectivo.

Compartimos espazo con representantes da administración, dos servizos sanitarios e de outras asociacións de pacientes, aproximadamente uns 400 asistentes.

Ademais, puidemos descubrir iniciativas innovadoras que se están levando a cabo.

En canto ós premios: non puido ser nesta ocasión... E dos 246 proxectos que se entregaron, as enfermeiras que crearon a App Diálisis 24horas, levaron un accésit pola súa aplicación.



### **PROMOVE E ORGANIZA:**

JANSSEN

## III CONGRESO DA SOCIEDADE GALEGA DE NEFROLOXÍA

O Presidente do Comité organizador deste congreso, solicitounos colaboración aportando voluntarios que tiveran unha fístula arterio-venosa para participar nun obradoiro de ecografías de fístulas para nefrólogos.

ALCER Ourense atopou 2 voluntarios que estiveron de 10h a 14h no devandito obradoiro o día 28 de outubro de 2016.

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44 nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**  
data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)  
Tif: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)



### **3. PROGRAMA DE PREVENCIÓN**

#### **DIA MUNDIAL DO RIL.**

ALCER Ourense celebrou un ano máis o Día Mundial do Rilen Ourense. O obxectivo deste día é sensibilizar á poboación española sobre a prevención da enfermidade renal crónica.

Hai poucos datos da incidencia da Enfermidade Renal Crónica (ERC) na idade pediátrica. Nos datos do REPIR 2 (Rexistro Español de ERC) atópase unha incidencia de 8,14 pacientes por millón de poboación pediátrica e unha prevalencia de 188 ppm. (Pacientes pediátricos por millón de habitantes).

Segundo a doutora Laura Espinosa (Xefa do Servizo de Nefroloxía Pediátrica do Hospital Materno-infantil La Paz de Madrid). A forma de detectar a ERC en nenos/as, é realizar probas de función renal, fundamentalmente a determinación de creatinina e osmolaridade en urina. É importante coñecer que a infección urinaria en pediatría pode ser a primeira manifestación dunha anomalía estrutural e que as alteracións comprobadas da urina (proteinuria, hematuria) necesitan un estudo de función renal.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

Segundo María Ángeles Pérez nai de Diego, un neno de 11 anos de idade con enfermidade renal crónica Avanzada (ERCA), que participa no Campamento CRECE dende o ano 2014, “con Diego intentamos tratar a enfermidade coa maior naturalidade, intentando que el mesmo se tome a medicación (sabe en cada momento que pastillas lle tocan), que se baleire a bolsa de urostomía. Na súa vida cotiá os seus compañeiros, profesores, amigos e familiares ven a súa patoloxía como algo normal, trátano como un máis”. Diego é un neno moi feliz, ten a súa enfermidade moi normalizada e unha vida normal.

En declaracións de Julio Bogeat, psicólogo da Federación Nacional ALCER, o diagnóstico da enfermidade renal crónica leva consigo un ineludible impacto psicosocial tanto en nenos/as como familiares e/ou cuidadores. A xestión deste impacto depende en gran medida da atención e o coidado nestes dous niveis. Tanto a persoa con enfermidade renal como os seus acompañantes atravesan neste momento un proceso de duelo ante a perda da saúde que debe ser tratado da mellor forma posible.

Por su parte la presidenta de ALCER Ourense, M<sup>a</sup> Teresa Pereira González, subscribindo as palabras do Presidente da Federación Nacional Alcer, Jesús Molinuevo indica: A enfermidade renal en nenos/as, é tremenda posto que lles vai acompañar durante o resto da súa vida, necesitando durante o seu ciclo vital de nenos, xóvenes e adultos de máis dun transplante para poder manter unha calidade de vida adecuada. A aceptación da enfermidade supón un esforzo especial de adaptación social e xestión emocional nos xóvenes e nas súas familias. Temos que ter en conta que se trata de pacientes especiais que teñen que desenvolver a súa educación, carreira profesional, desenvolvemento familiar etc., cunha patoloxía crónica de alto impacto emocional e con tratamentos altamente invasivos. Os sistemas sanitarios modernos deben de estar preparados para atender a estes pacientes non só no ámbito clínico senón que tamén no social e emocional, debemos de tender á humanización da sanidade preocupándonos antes dos enfermos que das enfermidades.

Baixo o lema “Mueve los pies. Que los riñones no detengan tu futuro”, desde ALCER Ourense invitamos á poboación a realizar unha vida saudable para a prevención e o diagnóstico precoz da





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

enfermidade renal crónica, a través da cal se poden seguir estes consellos prácticos: Mantente en forma e activo, come alimentos saudables para asegurar unha boa nutrición e un bo control do teu nivel de azucre en sangue, revisa a túa presión arterial, mantén o teu peso baixo control, realiza unha saudable inxesta de líquidos, non fumes e non tomes pastillas sen control médico.

Para afrontar estes problemas psicosociais en ALCER Ourense, existe o Servizo de atención social para persoas con enfermidade renal, xestionado por unha traballadora social, con dous obxectivos principais: Minimizar o impacto da enfermidade renal crónica na vida diaria, así como orientar e asesorar ós familiares para xestionar correctamente os aspectos relacionados coa enfermidade renal crónica.

### **Campaña de prevención da enfermidade renal crónica de RTVE**

O ente público Radio Televisión Española uniuse a ALCER para a prevención e o diagnóstico precoz da enfermidade renal. TVE emitiu durante todo o día 10 de marzo mensaxes dirixidas á poboación en xeral protagonizados por David Janer, Anne Igartiburu, Jesús Álvarez e Yolanda Flores, entre outros.

## **ACTIVIDADES DE ALCER OURENSE CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DO RIL**

### **ACTIVIDADES MÉRCORES DÍA 9 DE MARZO**

Ás 13 horas tivo lugar no salón de actos do CIS Aixiña unha roda de prensa de presentación do Día Mundial do Ril 2016, a cargo da Presidenta de Alcer Ourense, María Teresa Pereira.

### **ACTIVIDADES XOVES DÍA 10 DE MARZO**

Carpa instalada na Rúa do Paseo de Ourense de 10h a 14h e de 16h a 19h.

- Ás 12h30 tivo lugar a Inauguración á que asistiron o Alcalde de Ourense, a Concelleira de Benestar Social e o Vicepresidente da Deputación de Ourense.
- Entregouse información relativa á enfermidade renal, á súa prevención e ás súas consecuencias.
- Fixéronse medicións de peso e tensión arterial a toda aquela persoa que o desexou. Con colaboración de persoal sanitario tamén se fixeron medicións de glucosa durante un par de horas pola tarde.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

- Coa colaboración da Concellería de Medio Ambiente obsequiouse a cada unha das persoas que participaron nas probas preventivas da enfermidade renal cunhas plantas do viveiro municipal. Por outra parte, os alumnos do Colexio Divino Maestro de Ourense gravaron un flashmob para previr a enfermidade renal.

### **Actuacións conxuntas da Federación ALCER Galicia (FAG)**

A Asociación ALCER Ourense é membro activo da FAG, que retomou a súa andadura dende o ano 2015.

Os membros desta Federación quixemos realizar accións conxuntas para visibilizar a enfermidade renal, previla e fomentar a doazón de órganos.

Para o Día Mundial do Ril colocáronse tamén varias mesas informativas en Vigo, Pontevedra, Coruña, Santiago e Ferrol con diferentes actividades preventivas e de información e realizáronse charlas en diferentes puntos de Galicia.

### **Corenta anos traballando para mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidades renais**

O pasado 29 de febreiro ALCER cumpriu 40 anos, por ese motivo e coincidindo co Día Mundial do Ril, celebramos o aniversario alumeando de cor laranxa (color corporativo de ALCER xunto co verde), un monumento en diferentes cidades españolas; que no caso de Ourense, foron as Burgas.





**Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE**

O Día Mundial del Ril é unha iniciativa internacional, que en España organizan conxuntamente a Sociedade Española de Enfermería Nefrolóxica, a Organización Nacional de Transplantes, a Sociedade Española de Enfermería Nefrolóxica e a Federación Nacional de Asociacións ALCER.

**Objetivos perseguidos:** Amosar á sociedade en xeral, cal é a realidade da enfermidade renal, e transmitir a poboación en xeral e a Ourenzá, en especial, a importancia da prevención e a detección precoz da enfermidade.

**Recursos humanos:** xunta directiva, traballadora social, colaboradores voluntarios de ALCER Ourense e enfermeiras voluntarias do Colexio de Enfermería de Ourense.

**Recursos materiais:** carpa situada na rúa do Paseo, carteis, dípticos e trípticos informativos, medidores de glucosa, tensiómetro, báscula, carteis anunciadores e trípticos da Asociación.

**Data de celebración:** segundo xoves do mes de marzo, este ano o día 10.



A carpa que a asociación instalou na rúa do Paseo de Ourense

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44 nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**  
 data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)  
 Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## RESULTADOS OBTIDOS SEGUNDO O PERFIL DO USUARIO DE TODAS AS PERSOAS QUE SE ACHEGARON ATA A CARPA

De entre as **115** persoas que se achegaron á carpa o Día Mundial do Ril, o perfil predominante en xénero, foi o **masculino**; aínda que a diferenza non foi notable, xa que acudiron a facerse as probas preventivas **55 mulleres** e **60 homes** cunha idade comprendida entre os **9** e os **90 anos de idade**.

En canto ao **peso**, podemos observar, que en xeral, predomina o **sobrepeso**, non soamente entre as persoas de **idade avanzada**.

Respecto á **Tensión Arterial**, podemos puntualizar, que das persoas que se **realizaron a proba**, moitos tiñan os niveis de tensión altos nese momento da proba. Destes, descoñecemos cantos son hipertensos.

En xeral, todas as persoas que se achegaron á carpa para coñecer o seu peso e tensión arterial, estaban tamén moi interesadas, en comprobar si os niveis de azucre en sangue eran os axeitados, pero desgraciadamente só puidemos tomar esa medida pola tarde, debido á falta de persoal sanitario.

Podemos comprobar que foron poucas as persoas diabéticas que se achegaron a carpa; supoñemos que o motivo foi a ausencia da proba pola mañá.

Ás persoas que deron valores fóra dos niveis normais das probas, recomendouselles facer unha **visita ao seu médico de cabeceira para saír de dúbidas**.

Este ano foron poucas as persoas que se achegaron á carpa, a metade que no ano 2015 e un tercio do ano 2014. Consideramos que varios factores fixeron que non se achegaran:

- Deuse unha mañá de moito frío, polo que non había moitos viandantes pola rúa
- Non tivemos persoal sanitario para realizar as probas de glucemia durante a maior parte do día
- Pechamos a carpa unha hora antes do habitual para poder acudir ó alumeado das Burgas.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)



O alcalde de Ourense e a presidenta de ALCER Ourense.



O Vicepresidente da Deputación, médico de profesión, tomando glucosa.

### **PROMOVE E ORGANIZA:**

ALCER OURENSE

### **COLABORAN:**

Asociación Diabética Auria  
Colexio de Enfermería de Ourense  
Concellería de Medio Ambiente do Concello de Ourense  
Concellería de Sanidade do Concello de Ourense  
Deputación de Ourense  
Equipamentos Cavado

## **PASEO POLA SAÚDE**

A **XIII Feira do Paseo pola Saúde** celebrouse os días 12 e 13 de abril na Avda. de Pontevedra en horario de 11h a 13h30 e de 17h a 20h.

Con motivo do **Día Mundial da Saúde**, a Concelleira de Sanidade (Dona Sofía Godoy Gómez-Franqueira) deunos a oportunidade un ano máis, a nós e a outras moitas asociacións, de participar na celebración do **“Paseo pola Saúde”**.

Este ano como en anteriores, dende ALCER Ourense quixemos informar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica (IRC), así como da importancia que ten a prevención da mesma.



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## OBXETIVOS:

- Sensibilizar e concienciar á sociedade ourensá sobre a Insuficiencia Renal Crónica así como da importancia de doar órganos
- Previr as enfermidades renais, fomentando hábitos de vida saudables (medición da tensión arterial).

## ACTIVIDADES PROGRAMADAS

O día 7 de abril ás 19h tivo lugar a presentación do XII Feira da Saúde, pola Concelleira de Benestar, Dona Sofía Godoy Gómez-Franqueira e o alcalde de Ourense, D. Jesús Vázquez Abad, ambos acompañados de numerosos medios de comunicación.

O venres 8 de abril, ás 18h30 no Centro José Ángel Valente, **a traballadora social de ALCER Ourense presentou a enfermidade renal**, causas, tratamentos, aspectos sociais afectados e prestacións sociais, así como os servizos que ofrece a Asociación, no marco da Semana da Saúde que organizou o Concello de Ourense; xunto a compañeiras da Asociación Diabética Auria, de Alcohólicos Anónimos e da Asociación de Celiacos de Galicia.

Á presentación asistiron 18 persoas.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

O sábado 9 de abril, encadrada na Semana da Saúde do Concello de Ourense, a **nutricionista Adriana Fernández Vidal**, presentou unha charla moi interesante sobre alimentación en diabeite, enfermidade renal e celiaquía.

Asistiron representantes das devanditas asociacións e socios das mesmas. En total 12 persoas.



Nos días 12 e 13, tivemos como **actividade, toma da tensión arterial e peso** a todas aquelas persoas interesadas en coñecer o seu estado de saúde. Ademais, de por suposto, dar información sobre esta enfermidade silenciosa e sobre as actividades e servizos que ofrece Alcer Ourense.

Á carpa, asistiron membros da Xunta Directiva de Alcer, a traballadora social e voluntarios da asociación.



**Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE**

En total, foron 275 persoas as que se achegaron ata a carpa para tomarse a tensión arterial e o seu peso.

Segundo o xénero, atendéronse a 144 mulleres e a 131 homes.

A idade media sitúase nos 69 anos, tendo a persoa mais xoven 18 anos e a maior 92 anos.

En xeral obsérvanse unhas tensións altas, con valores superiores a 140/90, sobre todo na poboación de máis idade, e nos valores de máximo, non tanto nos valores de mínimos. Polo que a ditos usuarios se lles recomendou visitar ó seu médico de cabeceira para descartar unha posible IRC e axudalos a previr esta enfermidade renal.

En relación ó peso das persoas que viñeron ó noso stand, notamos unha tendencia ó sobrepeso máis elevado nos homes que nas mulleres; ó contrario que en anos anteriores, nos que observamos sobrepeso en ambos sexos.

En conclusión, puidemos comprobar que este ano, ó igual que no ano 2015, houbo unha chea de sorpresas en canto á medición da tensión, xa que había moitas persoas que tiñan a tensión arterial moi elevada, polo que lles recomendamos que visitasen ao seu médico de cabeceira.

## **PROMOVE E ORGANIZA:**

Concello de Ourense. Concellería de sanidade do Concello de Ourense.

## **COLABORAN:**

Demais asociacións enmarcadas no eido sanitario da provincia de Ourense (30 asociacións máis).



A Xerente do CHUO e o Alcalde de Ourense coa Directiva de ALCER.



Un señor está realizando a proba da tensión arterial con voluntarios de Alcer.

**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44 nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**  
 data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)  
 Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)





Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## **4. PROGRAMA DE DIVULGACIÓN**

### **URXENCIA CERO**

No ano 2016 tivemos a oportunidade de colaborar coa Voz Audiovisual, que rodou unha serie de ficción para a TVG. Nesta ocasión solicitaron á nosa entidade que aportase testemuñas de pacientes e familiares para incluír nunha reportaxe previa á emisión de cada capítulo que se emite os domingos ás 22h.

O argumento da serie versa sobre un equipo de transplantes dun hospital ficticio, no que transcorren varias situacións entre os membros do equipo de transplantes e pacientes que están á espera da operación que lles salvará a vida.

Para as Asociacións como a nosa, este tipo de iniciativas son fundamentais para poder dar visibilidade ás demandas e necesidades das persoas que están á espera dun transplante e logran un impacto na sociedade que para nós é moi difícil alcanzar.



### **DÍA NACIONAL DO DOADOR**

ALCER puxo en marcha a campaña “Elixo a túa opción: Faite Doador” coa que pretendeu animar unha vez máis á poboación para que España siga sendo líder mundial no que a doazón e actividade transplantadora se refire. E é que o noso país leva 24 anos consecutivos sendo número uno en doazón



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

e transplante gracias á xenerosidade de toda a sociedade e ós profesionais socio-sanitarios que desenvolven o seu labor neste campo.

Nesta nova edición do Día Nacional do Doador todas as persoas que forman o movemento asociativo ALCER saíron á rúa en todas as provincias para informar á sociedade e animala a que sigan apoiando a doazón de órganos, favorecendo con elo que as listas de espera e as negativas familiares sigan en descenso. Todo elo co obxectivo de seguir colectando bos resultados en materia de doazón e transplante.

Rafael Matesanz, Director da Organización Nacional de Transplantes indica que “este ano é moi posible que cheguemos ós 42 doadores por millón, dous máis que en 2015, gracias á doazón en parada cardíaca. O ano pasado medrouse un 60% e no que levamos de 2016, un 50%. O motor do crecemento dos transplantes é a doazón en parada cardíaca e tamén a colaboración dos médicos de urxencias. Estamos ben e imos estar mellor”.

A ONT puxo en marcha no ano 2015 o programa PATHI (Programa de Acceso a Transplante de Hiperinmunizados), este programa está baseado na proba cruzada virtual. O programa pretende mellorar o acceso ó transplante renal de cadáver do receptor altamente sensibilizado a nivel nacional, utilizando a proba cruzada virtual.

Existen experiencias que falan a favor da utilización da proba cruzada virtual en transplante de cadáver, como base da distribución de órganos e experiencias moi positivas especificamente en transplante a receptores hiperinmunizados.

Esta proba fundaméntase nun algoritmo matemático que detecta posibles intercambios entre os doadores de parellas doador-receptor incompatible. A selección das novas parellas baséase no cruce entre a tipaxe (características xenéticas) dos doadores e a ausencia de anticorpos.

## MODALIDADES DE DOAZÓN PARA TRANSPLANTE

**Transplante de doador falecido:** Pode ser doadora de órganos toda persoa que en vida manifeste que, tras o seu falecemento, desexa que os seus órganos sexan utilizados para salvar ou mellorar a vida de outros. Sen embargo, débese saber que pese ó noso desexo de ser doador de órganos, non todos poderemos selo, xa que para elo será necesario que o falecemento aconteza nunha Unidade de Coidados Intensivos dun hospital. É nestas unidades onde é posible realizar a preservación dos



[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

órganos e as probas necesarias para efectuar unha correcta valoración de cada potencial, ademais é requisito fundamental non padecer contraindicacións médicas para a doazón.

**Transplante de doador vivo:** Existen tres tipos de doador vivo para transplante

- O doador emparentado ou doador relacionado: no que o doador pode ser un membro da familia do receptor, como por exemplo: esposo, pai, nai, fillo ou irmán. A doazón é posible, ademais, entre dous persoas que manteñan unha relación exclusivamente emocional, como é o caso dos matrimonios ou parellas sentimentais, a familia política ou os bos amigos. Este tipo denomínase doador relacionado.
- O transplante renal cruzado: O programa Renal de Doador Cruzado foi concibido para ofrecer á sociedade e ós pacientes con insuficiencia renal crónica, a posibilidade de doazón e transplante de ril de vivo naqueles casos no que doador e receptor non son compatibles. Esta alternativa, supón a posibilidade de intercambiar rils entre dúas ou máis parellas doador-receptor con problemas similares. Desta forma e ó cruzar as doazóns, elimínanse os obstáculos que impedían a doazón e o correspondente transplante.
- O doador altruísta ou bo samaritano: Denomínase así a aquela persoa que doa un ril a outra que o necesita e se atopa en lista de espera, sempre que se realice de maneira anónima e desinteresada, as únicas motivacións que deben impulsar esta decisión son a solidariedade e o altruísmo. En calquera caso, debe garantirse (dende o punto de vista ético e legal) que a doazón sexa desinteresada e que non busque, non xa beneficio económico, senón tampouco publicidade ou algún tipo de promoción persoal.

Para a Presidenta de ALCER Ourense, M<sup>a</sup> Teresa Pereira González: “No caso da doazón de cadáver, as negativas familiares da doazón son as máis baixas da historia grazas á solidariedade da sociedade. É importante que as persoas que sofren unha enfermidade renal estean informadas antes de entrar en tratamento renal substitutivo das diferentes opcións do mesmo incluída a doazón de vivo”

“Dende la creación de ALCER, hai xa 40 anos, os enfermos renais informamos á sociedade da necesidade de doar órganos para o transplante, co fin de que os cidadáns coñezan os beneficios desta acción para as persoas que padecen unha enfermidade renal e que posibilitou que actualmente paseen polas rúas das nosas cidades máis de 26.000 persoas cun ril transplantado”



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## **ACTIVIDADES DE ALGER OURENSE CON MOTIVO DO DIA NACIONAL DO DOADOR**

O día 31 de maio, ás 9h15, tivo lugar unha rolda de prensa para presentar o Día do Doador, na que participaron o Vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández, a Presidenta de ALGER Ourense, M<sup>a</sup> Teresa Pereira e a traballadora social da asociación, Carmen Dorado.

O día 1 de Xuño, dende as 10h a 14h e de 16h a 20h, instalouse unha carpa na cidade de Ourense situada na Rúa do Paseo.

A **Inauguración da carpa** tería lugar ás 12 horas, e contaríamos coa presenza do **alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad**, da **Concelleira de Asuntos Sociais e de Sanidade, Sofía Godoy Gómez-Franqueira** e do **Concelleiro de Medio Ambiente, José Araujo** así como do **Vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Luís Fernández Fernández**.

Repartiuse información sobre a doazón de órganos e tecidos, para seguir aumentando a **ESPERANZA dunha segunda oportunidade para moitas persoas**.

Obsequiouse a todas aquelas persoas que solicitaron información un pack con información sobre a insuficiencia renal, a doazón de órganos e un detalle, como moedeiro, bolígrafo...

Ademais, ofreceuse unha planta do viveiro municipal co lema “1 planta, 1 vida” a cada persoa que se achegou a solicitar información, gracias á colaboración da Concellería de Medio Ambiente.





[Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE](#)

## ACTIVIDADES CONXUNTAS COA FEDERACIÓN ALCER GALICIA

- A cada persoa que decidiu tramitar a solicitude de tarxeta de doador de órganos na carpa se lle entregou un saquiño de fabas, cunha receita, obsequio da Federación ALCER Galicia, coa colaboración de DIAVERUM.



- Campaña a través das redes sociais #doarédoado, para fomentar a doazón de órganos.



### Alcer Ourense na rúa:

ALCER Ourense colocou mesas na rúa para concienciar á xente e transmitirles toda a positividade posible. Quen se achegou a estas mesas recibiu un distintivo e un folleto informativo.

A saúde das persoas que doan un órgano en vida non só non se resente, senón que é mellor que a do resto de xente. Sinxelamente, porque pasan o resto da súa vida mellor controlados polo médico.



Asociación para a Loita Contra as Enfermidades Renais de OURENSE

## Resumen da actividade sobre o nº de tarxetas de doantes :

En Ourense entregáronse máis de 130 *tarxetas de doantes* de órganos para que as persoas que as recibiron puideran completar os datos na súa casa, tras ler o folleto informativo e formalizar a solicitude de tarxeta de doante. 13 persoas decidiron cubrir a documentación na mesma carpa.

**Elige tu opción: Hazte donante**

**Día Nacional del Donante de Órganos y Tejidos**  
1 de Junio de 2016

**¿POR QUÉ SER DONANTE DE ÓRGANOS Y TEJIDOS?**

**¿CÓMO SER DONANTE?**

**ALCER PARTICIPA EN EL PROGRAMA DE UN TEJIDO**

**TESTIMONIOS**

ALCER, ONT, OUGE, and other logos are visible at the bottom.



**ALCER Ourense: Asociación sen ánimo de lucro, CIF: G-32.011.041, nº rexistro de entidades voluntarias O-44 nº rexistro provincial 277, declarada de utilidade pública**  
data de constitución 29 de xaneiro do 1982 - Dirección: Rúa Recaredo Paz nº 1 – CIS AIXIÑA, 32.005 (OURENSE)  
Tlf: 988.229.615 / 663.780.330 - [alcerourense@hotmail.com](mailto:alcerourense@hotmail.com) - [www.alcerourense.com](http://www.alcerourense.com) - Facebook: [asociacion.alcer.ourense](https://www.facebook.com/asociacion.alcer.ourense)



Asociación para a Loita Contra  
as Enfermidades Renais de OURENSE

## CICLO DE CINE E MEDICINA

